



## INFO-GUÍA VISITAS ESCOLARES

Exposición

**'A BALEA NEGRA'**

5 outubro 2012 – 31 marzo 2013

**'MISIÓN BALEA (acción!)**

Un programa educativo para escolares

**Ciclo: educación infantil (de 3 a 6 anos)**

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Este avance é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada A BALEA NEGRA, a mostra conmemorativa do 10º Aniversario do MARCO, que ocupa as salas da planta baixa dende o 5 de outubro de 2012 ata o 31 de marzo de 2013.

A BALEA NEGRA é un proxecto que toma como punto de partida a crise provocada polo accidente do *Prestige* o 13 de novembro de 2002 —o mesmo día que se inauguraba o MARCO— para, a través de obras de artistas contemporáneos e de abundante material documental, abordar algunhas cuestións clave do mundo actual, como a explotación da natureza e a necesidade de conservar os recursos naturais.

**'MISIÓN BALEA (acción!)** é o nome xenérico do programa educativo que se desenvolve en paralelo a esta mostra, sacando partido do contacto directo coas obras en salas, e das múltiples posibilidades educativas que ofrece esta exposición. Todas as actividades están especialmente adaptadas ás idades dos participantes, con propostas diferenciadas para os grupos de infantil, primaria e secundaria/bacharelato.

A **visita e obradoiro de Infantil** ten unha duración aproximada de **1 hora e 15 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos unha **visita á exposición** deseñada especialmente para o desfrute e aprendizaxe dos máis pequenos. A visita realízase formulando preguntas para que sean eles mesmos quen se vaian extraíndo conclusións sobre o que están a ver e percibir. El recorrido y las diferentes paradas introducen juegos y situaciones que nos hacen descubrir cosas nuevas a través de la observación, del diálogo, y de la experimentación.

A visita complétase cun **obradoiro no 'Laboratorio das Artes'**, o noso espazo de didáctica no primeiro andar, como resume do que temos visto e experimentado durante o percorrido por salas.

## A VISITA Á EXPOSICIÓN


### Resumo guión visita infantil

Nota: esta guía é orientativa. Os contidos específicos e a orde das paradas poden variar en función do tempo dispoñible, do número de participantes, das necesidades de cada grupo e do propio desenvolvemento da visita.

#### Parada 1: vestíbulo

##### Benvidos ao MARCO

A través dunha conversa aberta co grupo introdúcese a idea de museo, un lugar onde podemos descubrir algunhas cousas sobre a arte e os artistas, e se invita a participar nas actividades a través da observación, o diálogo e o xogo. Onde estamos? Que é o MARCO? Viñestes algunha vez? Que haberá aquí dentro...?



A partir da imaxe gráfica da exposición, unha ilustración dun tratado de zooloxía do século XVI, presentamos á **BALEA MOBY**.

A balea Moby é un personaxe especial, con poderes máxicos, que é mestura de varios animais, e que funciona como unha especie de mascota-acompañante durante a visita.

Ceto Barbató [Conradí Gesneri. *Historiae animalium liber III qui est de piscium et aquatiliu animantium natura*, 1558, p. 246]

Durante o noso percorrido por salas, e a través dos seus poderes especiais, Moby axudaranos a concentrarnos e a atopar pistas para descubrir algunhas cousas interesantes sobre as obras e os artistas desta exposición.

Poñémonos en acción!

Conceptos clave: motivación. Presentación do personaxe-mascota que nos acompañará durante a visita.

### Parada 3: rotonda central (panóptico)

#### 'Un círculo que xira e que soa'



Damián Ortega. *Movimiento en falso (equilibrio y sostenibilidad económica)*, 1999-2003

A través da obra de Damián Ortega traballamos a percepción visual e auditiva. Relacionamos os seus compoñentes e as sensacións que nos produce con outras que coñecemos. Descubrimos formas xeométricas (o círculo) e debuxámolo co noso corpo en movemento, individualmente e en grupo. Facemos exercicios de equilibrio.

Repartimos círculos de papel de dous tamaños entre os participantes. Facémolos xirar un sobre outro e cada un lévaos consigo ata o final da visita.

Conceptos clave: unha escultura que se move. O corpo en movemento. O equilibrio. Un círculo que xira dentro doutro círculo.

### Parada 4: Patio A1

#### 'Cadrados de cores'



Antón Patiño. *Memoria prehistórica*, 1987



Antón Patiño. *Costa da Morte*, 1987

Algúns artistas cóntannos cousas cunha escultura como a que acabamos de ver. Outros utilizan, por exemplo, a pintura. Formulamos preguntas para ir descubriendo o que se nos mostra en cada un dos dous cadros: identificamos figuras de animais, un barco, o lume...

Falamos da súa composición, tamaño, materiais e cores.

Repartimos rectángulos de cartón, cadrados de papel verde e negro e rombos de cor vermella entre os participantes.

Conceptos clave: percepción visual. manchas que nos fan ver cousas. Cores. Cadrados e rectángulos.

## Parada 5: Galería A1

### 'Vaia sorpresa!'



Marcela Armas. *Estanque*, 2006

Nesta peza de Marcela Armas, o que ten a aparencia dun espello ou superficie pulida é en realidade un 'estanque' de aceite de motor usado no que flota unha agarradoira dunha porta de automóbil.

Mantemos a distancia sentados arredor formando un círculo e observámola con atención. Comezamos un diálogo sobre o que nos suxire, relacionándoo con obxectos cotiáns. Unha das educadoras sopra con coidado sobre a superficie para descubrir que... é líquida! Repartimos círculos de papel negro entre os participantes.

Conceptos clave: círculo, sorpresa.

## Parada 6: Patio A3

### 'Ti ensucias? eu limpo'



Mark Dion. *The Tar Museum* [El museo del alquitrán], 2006

Falamos dos distintos animais, pensamos en se os vimos algunha vez en libros, en debuxos, no colexio, noutros museos, etc. Observámolos e preguntámonos se serán de verdade, onde viven, se son acuáticos, se poden voar ou se viven na terra.

Qué lles aconteceu? Por que son todos da mesma cor negra, e por que están sobre esas caixas? Que significa fráxil?

A continuación tentaremos imitar as posturas destes animais: agachados, en equilibrio sobre unha perna (fixémolo xa antes nesta visita?), a catro patas, baixando e subindo a cabeza... un xogo de movementos mediante o cal imos descubrindo algunhas cousas máis sobre estas esculturas.

Conceptos clave: identificación de distintos animais, do seu hábitat e características. A necesidade de coidar a natureza. Esculturas vivintes.

## Parada 7: Galería A3

### 'Seis retratos de África'



Romuald Hazoumè. *Internet*, 1997



Romuald Hazoumè. *Bagdad City*, 1992

Na última parada, Moby quere presentarnos a algúns amigos que, como el, son unha mestura de distintas cousas...

A ver se as podemos distinguir: botes de plástico? de metal? la? cunchas? cables eléctricos? altofalantes? ¿Algunha vez construíches algo utilizando cousas diferentes? e unha cara?

De onde virán estes amigos de Moby?

Conceptos clave: retrato. Obxectos reciclados. Parecidos e diferencias. Outros países.

## O OBRADOIRO NO LABORATORIO DAS ARTES

### 'Amigos diferentes'

A continuación, o obradoiro ten lugar no espazo de didáctica do 1º andar. A balea Moby, vestida de cor amarela, saúdanos na entrada ao Laboratorio das Artes.

A obra de Hazoumè — a última que vimos no percorrido por salas— servirá como inspiración para crear unha serie de retratos nos que se utilizarán os materiais que conseguimos reunir durante a visita (rectángulos de cartón, círculos, cadrados e rombos de papel de varios tamaños e distintas cores). Coa axuda doutros obxectos e materiais que atoparemos no taller, imos recortando, engurrando, pintando os anacos de papel e pegándoos sobre os cartóns para crear entre todos novos amigos que acompañen a Moby nas súas aventuras.



## SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, ou da web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com), á atención de:

Marta Viana Tomé  
Pilar Souto Soto  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento de Comunicación e Didáctica  
Príncipe 54  
36202 Vigo  
Tel. +34 986 113900  
Fax +34 986 113901  
[marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com)  
[pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)  
[www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)